

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

RESOLUCIÓN do 20 de outubro de 2021 pola que se modifica parcialmente a Resolución do 10 de xuño de 2021, conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, pola que se adxudican as axudas da Orde do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG), nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (códigos de procedemento ED481B e IN606B).

A Orde do 31 de decembro de 2020 (DOG número 17, do 27 de xaneiro de 2021), modificada pola Orde do 29 de abril de 2021 (DOG número 90, do 14 de maio), conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, establece as bases reguladoras e a convocatoria das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrência competitiva.

Pola Resolución do 10 de xuño de 2021 (DOG número 118, do 23 de xuño), concedéronse as axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral ás entidades que contraten as persoas seleccionadas que se relacionan no anexo I da citada resolución.

O artigo 17 da orde de convocatoria establece que no caso de que se produza algunha renuncia ou outra causa de extinción da relación laboral, a entidade beneficiaria deberá comunicala á Secretaría Xeral de Universidades ou á Gain (segundo sexa o caso), e que se poderá adxudicar unha nova axuda de acordo coa prelación sinalada na lista de espera, sempre e cando a renuncia se produza dentro do prazo de tres meses a partir da data de publicación da resolución de concesión.

No mesmo artigo tamén se indica que as renuncias soamente poderán ser cubertas coas solicitudes da lista de espera do órgano instrutor en que se produzan e que a persoa substituta quedará suxeita ás mesmas condicións durante o tempo de aproveitamento da axuda.

CVE-DOG: mv5esyw2-cxu8-grz3-4gm8-wixsj9sx7nv2



A competencia para adxudicar unha nova axuda correspóndelle á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade no caso de novas incorporacións procedentes da lista de espera das universidades do SUG, de acordo co artigo 19.5 da Orde do 31 de decembro de 2020.

En consecuencia, atendendo ás renuncias recibidas na Consellería de Cultura, Educación e Universidade,

RESOLVO:

Primeiro. Aceptar as renuncias ás axudas de formación posdoutoral que se indican a seguir:

Nº expediente	Univ.	1º Apelido	2º Apelido	Nome	Data de renuncia
ED481B-2021-039	UDC	Muñoz	Ibáñez	Andrea	Non asinou contrato
ED481B-2021-014	USC	Ares	Legaspi	Adrián	8.9.2021
ED481B-2021-071	USC	Varela	Rodríguez	Joel	31.8.2021
ED481B-2021-123	UVigo	Rueda	Ruzafa	Lola	Non asinou contrato

Segundo. Aceptar as renuncias á lista de agarda que se indican a seguir:

Nº de orde	Nº expediente	Univ.	1º Apelido	2º Apelido	Nome
02	ED481B-2021-037	USC	Quiroga	García	Gabriela
03	ED481B-2021-109	UVigo	Algarra	Cajide	Iago
04	ED481B-2021-146	UVigo	Herrero	Alonso	Diego
05	ED481B-2021-073	UDC	Meilán	Vila	Andrea
07	ED481B-2021-110	UDC	Paz	Méndez	Javier
09	ED481B-2021-116	UVigo	Penín	Sánchez	Lucía

Terceiro. Conceder as axudas correspondentes ás entidades e persoas candidatas da lista de espera das universidades do SUG que se indican no anexo I.

Cuarto. Conceder as axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral convocadas pola Orde do 31 de decembro de 2020 ás entidades que contraten as persoas seleccionadas que se relacionan no anexo I desta resolución.

Quinto. Declarar extinguida a lista de espera.

CVE-DOG: mv5esyw2-cxu8-grz3-4gm8-wixsj9sx7nv2



Sexto. Redistribuír o crédito destinado ao financiamento destas axudas entre as universidades beneficiarias segundo as renuncias e as novas adxudicacións:

Univ.	Nº de axudas	Crédito (en euros)				
		2021	2022	2023	2024	Total
UDC	8	116.950,00	337.800,00	343.300,00	157.350,00	955.400,00
USC	20	386.550,00	881.000,00	837.000,00	312.450,00	2.417.000,00
UVigo	12	246.100,00	536.700,00	478.200,00	188.100,00	1.449.100,00
	40	749.600,00	1.755.500,00	1.658.500,00	657.900,00	4.821.500,00

Sétimo. A data de comezo dos contratos será o 16 de novembro de 2021, cunha duración de tres anos.

Oitavo. As entidades beneficiarias deberán remitir un escrito de aceptación da axuda á Secretaría Xeral de Universidades, no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución e vincularán as persoas seleccionadas aos seus organismos mediante a formalización do correspondente contrato.

Noveno. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 19 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2021

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade
P.D. (Orde do 9.2.2021)

Manuel Vila López
Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

CVE-DOG: mv5esyw2-cxu8-grz3-4gm8-wixsj9sx7nv2





ANEXO I

Axudas concedidas procedentes da lista de espera

Universidade da Coruña

Nº expediente	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	Rama de coñecemento	Bolseiro Fulbright	1ª estadía		2ª estadía		3ª estadía		Nota
							Datas	Zona	Datas	Zona	Datas	Zona	
ED481B-2021-090	UDC	Terán	Baamonde	Javier	Ciencias	Non	1.5.2023 ao 31.10.2023	1					83
ED481B-2021-088	UDC	Rivadulla	Costa	Diego	Artes e Humanidades	Non	1.4.2022 ao 30.9.2022	1	1.3.2023 ao 31.8.2023	2	1.4.2024 ao 30.9.2024	2	80

Universidade de Santiago de Compostela

Nº expediente	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	Rama de coñecemento	Bolseiro Fulbright	1ª estadía		2ª estadía		3ª estadía		Nota
							Datas	Zona	Datas	Zona	Datas	Zona	
ED481B-2021-003	USC	Fernández	Villar	Zulema	Ciencias	Non	17.1.2022 ao 16.1.2024	2					81
ED481B-2021-027	USC	Arosa	Lobato	Yago	Ciencias	Non	1.1.2022 ao 31.12.2023	2					81

